

LABSAÚDE LIVING LABS DE SAÚDE



A **innovación aberta** é un compoñente fundamental do Sistema Europeo de innovación, onde todas as partes interesadas deben de participar e crear unha interacción fluída e combinar as ideas dos sistemas de innovación. Baséase no modelo de **Cuádrupla Hélice** onde as administracións públicas, a industria, a academia e a sociedade traballan xuntos para co-crear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só.

A participación dos usuarios no proceso de innovación favorece o desenvolvemento de bens e servizos máis acorde ás súas necesidades. Os **Living Lab** constitúen unha aproximación á innovación aberta impulsada polos usuarios, creando unha contorna para a co-creación e experimentación coa activa participación dos usuarios desde etapas temperás do ciclo de innovación.

Con este obxectivo, o Servizo Galego de Saúde pon en marcha a **Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)**, comezando a súa andaina a través do [Living Lab de Ourense](#). e agora co novo [Living Lab de Vigo situado no Hospital Meixoeiro](#). LABSAÚDE xorde como mecanismo facilitador para a creación e posta en marcha de proxectos innovadores nunha contorna no que interactúan múltiples axentes, para dar resposta a necesidades reais detectadas en Sistema de Saúde de Galicia.

MÁIS INFORMACIÓN

FAQs

Contacte

Galician Network of Health Living Labs (LABSAÚDE)

CONTIDOS RELACIONADOS

Innov4life

Rede Europea de Living Labs (ENoLL)

Como participar no Living Lab de Vigo? (CONVOCATORIA PECHADA)	>
Living Lab de Vigo	>
Liñas de innovación	>
Servizos do Living Lab	>
I Convocatoria de participación no Living Lab de saúde de Ourense (PECHADA)	>
Proxectos seleccionados (convocatoria pechada)	

